
**PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A NECESIDADE DE
IMPLANTAR A SINALÉCTICA DA RUTA CULTURAL BARCIELA-MARANTES**

A comenzos de ano o goberno manifestou o seu interese en impulsar unha ruta cultural entre Barciela e Marantes, unha inciativa que contribúe a poñer en valor o patrimonio do rural de Compostela e a descentralizar o turismo na cidade, mediante a instalación dunha sinaléctica e a difusión da devandita ruta. O 19 de xaneiro de 2021, o tenente alcade Sindo Guinarte mantivo unha reunión sobre este proxecto coa AA.VV. de Marantes. Nesta xuntanza, o concelleiro do goberno municipal trasladoulles aos representantes veciñais que esta ruta cultural encaixaba moi ben nas posibles accións do Plan de Sostibilidade Turística (2021-2023) para o ano 2021, un plan que conta cun millón de euros de orzamento para este ano, e cun total de tres millóns de euros para toda a súa vixencia. Meses máis tarde, en xullo, o concelleiro Guinarte, sen mediar explicación algunha, remitiulle este proxecto á concellería de Medio Rural, desinteresándose pola inciativa.

Nestes momentos a veciñanza de Marantes non ten coñecemento dos avances sobre a implementación no territorio da ruta cultural Barciela-Marante. Por este motivo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Por qué o concelleiro de turismo se desinteresou pola ruta cultural Barciela-Marantes, e en que fase de implementación se atopa esta inciativa remitida á concellería de Medio Rural?**

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



GRUPO MUNICIPAL